

PLAN DE ACCIÓN
EDLP 2023 - 2027

Obxectivos estratégicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación		Accións FEMPA	
1. Aumento do valor, creación de emprego, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca e da acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio	1.1. Conseguir que os produtos do mar e as actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas sexan un activo e un referente no desenvolvemento económico sostible da Ría de Pontevedra.	1.1.1. Innovación e melloras na cadea de valor dos produtos do mar e na sostibilidade da pesca, do marisqueo e da acuicultura de orixe local.	Investigación aplicada ás necesidades do sector pesqueiro	Accións de mellora mediante a investigación, xestión e aproveitamento dos recursos a través da rexeneración e recuperación de bancos marisqueiros, novas especies, especies invasoras e especies menos valoradas. Apertura de liñas de colaboración con entidades científicas que faciliten a solución ás problemáticas do produto pesqueiro no medio mariño (mortandade, algas, parasitos, toxinas...), en especial, as derivadas do cambio climático.	
			Investimentos	Melloras nos procedementos e procesos da xestión dos recursos e cadea de valor dos produtos do mar. Melloras nas infraestruturas e equipamentos das entidades representativas do sector pesqueiro. Implementación ou mellora das instalacións de procesado, elaboración, envasado, venta e exportación de produtos do mar de orixe local. Actividades pesqueiras sostibles. Accións de mellora enerxética nas actividades pesqueira, instalacións e actividades marítimo-pesqueiras (transporte, etc.). Desenvolvemento e formación de melloras dixitais e tecnolóxicas na cadea de valor do produto do mar. Apoio á comercialización e distribución dos produtos do mar que reduzan a pegada ecolóxica: plataformas dixitais, transporte máis limpo e eficiente, etc.	
			Promoción do produto	Promoción de hábitos de alimentación saudable a través do produto pesqueiro de proximidade, tanto en fresco como a través de sistemas artesanais de conservación. Actividades de divulgación, formación e información dirixidas a outros sectores que dean a coñecer o valor dos produtos do mar dende a súa captura (artes, embarcacións tradicionais) sostible até a súa transformación e comercialización (escolares, asociacións, turismo, etc.) en coordinación e colaboración coa prensa e redes informativas locais. Divulgación e formación dirixida á transformación e/ou comercialización do produto do mar local e seu valor alimentario, saudable e ecolóxico. Desenvolvemento de accións de divulgación do produto pesqueiro asociado a marcas de calidade diferenciada (pescaderías, pescaenverde, ...).	
			Trazabilidade	Extensión dos selos de calidade diferenciada en funcionamento e aplicación doutros novos que identifiquen, garantan e promocionen a orixe local do produto do mar até o consumidor final. Accións identifiquen o produto do mar coa súa captura sostible e co valor do patrimonio e recursos ambientais da Ría, por exemplo, do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Accións para o fomento, promoción e comercialización do produto do mar de km0 nos mercados de abastos, supermercados e grandes superficies. Desenvolvemento de novas tecnoloxías de sistemas integrados de xestión do produto pesqueiro (captura, comercialización, difusión, etc.). Implantación de ferramentas dixitais na trazabilidade do produtos pesqueiro e do mar. Accións formativas dirixidas a profesionalización do sector e dos oficios tradicionais relacionados co mar. Accións formativas específicas para mulleres e xente nova.	
	1.2. Incrementar a empregabilidade e o emprendemento nas actividades marítimo-pesqueiras, con especial interese na integración de colectivos prioritarios (mocidade, mulleres, persoas en risco de exclusión).	1.2.1 Mellora das competencias, condicións de traballo e a inserción laboral en actividades relacionadas co mar.	1.2.2. Incremento do coñecemento do sector para fomentar o interese na poboación e promover o relevo xeneracional.	Ás persoas e entidades do sector e relacionados	Accións formativas inclusivas e integradoras focalizadas na profesionalización dentro do sector pesqueiro e relacionado, contando cun curriculum formativo que favoreza a inserción laboral de colectivos con diversidade funcional ou en risco de exclusión. Apoio a accións que fomenten a conciliación familiar das persoas do sector pesqueiro. Accións que melloren as condicións de traballo dos profesionais do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola (seguridade, ergonomía,...). Apoio a iniciativas innovadoras dirixidas a fomentar ou manter a empregabilidade e o emprendemento nos sector e actividades vinculadas.
				Ao conxunto da poboación	Accións que promovan a divulgación de oficios tradicionais relacionados co mar: redeiras, carpintería de ribeira,.... Divulgación das saídas profesionais e iniciativas innovadoras relacionadas co mar. Promoción de actividades con escolares para achegalos ao produto pesqueiro e a cultura marítimo-pesqueira.
	1.3. Consolidar as entidades representativas do sector pesqueiro como axentes da gobernanza.	1.3. Consolidar as entidades representativas do sector pesqueiro como axentes da gobernanza.	1.3.2. Fomento de accións de colaboración e mellora dos mecanismos participativos.	As entidades do sector	Formación e divulgación dirixida ao sector sobre o modelo de desenvolvemento baseado no Pacto Verde e Economía Azul: cambios socioeconómicos para a súa adaptación (cambio climático, transición enerxética e dixital, e economía circular). Realización de accións de divulgación de experiencias innovadoras e inspiradoras para o sector pesqueiro e actividades relacionadas co mar. Capacitación e empoderamento para a diversificación das actividades económicas no territorio por parte do sector pesqueiro: turismo mariño, actividades de natureza, náuticas, transformación e valorización do produto do mar, etc. Divulgación e formación do uso das novas tecnoloxías e ferramentas dixitais aplicadas ao traballo do sector pesqueiro e nas súas entidades representativas. Fomento do asociacionismo no sector pesqueiro cara ao desenvolvemento de iniciativas conxuntas. Mellora dos mecanismos participativos a partir das novas tecnoloxías e formación en liderazgo e innovación social. Colaboración con centros de investigación e académicos para abordar liñas de investigación sobre a innovación social e o papel das entidades representativas do sector.
	2. Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.	2.1. Establecer sinerxias coas estratexias de sostibilidade turística en destino para que a Ría de Pontevedra sexa un destino turístico marítimo-pesqueiro sostible, inclusivo e desestacionalizado.	2.1.1. Fomento e promoción de iniciativas encamiñadas á desestacionalización e á sostibilidade do turismo.	Iniciativas turísticas desestacionalizadas e sostibles	Fomento de actividades náutico-deportivas desestacionalizadas, sostibles e vinculadas coa cultura marítimo-pesqueira, así como a súa adaptación a melloras cara a súa sostibilidade e a colectivos con capacidades diversas. Fomento de actividades de natureza desestacionalizadas e vinculadas coas outras actividades marítimo-pesqueiras e/ou do agro. Posta en marcha de novas iniciativas turísticas desestacionalizadas que recollan a esencia dos pobos mariño: actividade e cultura marítimo-pesqueira, turismo mariño,.... Xeración de actividades que vinculen a oferta costeira coa do medio rural (viños de calidade, horta, etc.). Adaptación de infraestruturas, instalacións e equipamentos turísticos relacionadas coa hostalería e a restauración desestacionalizadas, que sexan singulares na promoción da cultura mariño e pesqueira á mellora de eficiencia enerxética, de dixitalización e de economía circular do negocio. Apoio á creación de infraestruturas turísticas relacionadas coa hostalería e a restauración desestacionalizadas, que sexan singulares na promoción da cultura mariño e pesqueira ou na valorización do produto do mar, uso de materiais respectuosos coa contorna, enerxeticamente eficientes a través do uso de enerxía renovables, redución da contaminación e aproveitamento de residuos xerados. Formación e divulgación sobre o produto pesqueiro e actividades pesqueiras dirixida ao sector turístico. Divulgación e visibilización da oferta de actividades existentes no territorio relacionadas co mar sobre o lecer, o deporte, culturais, ambientais, etc.
2.2. Incrementar a empregabilidade e o emprendemento en iniciativas de economía circular e cohesión territorial para fomentar a sostibilidade da zona costeira.		2.2.1. Aproveitamento de refugallo e residuos xerados en actividades marítimo-pesqueiras.	Iniciativas sostibles de economía circular no sector marítimo pesqueiro	Apoio a creación de produtos cos residuos derivados das actividades pesqueiras e relativas ao medio mariño, e das empresas do sector produtivo da zona costeira. Apoio a iniciativas de investigación de novos materiais distintos ao plástico que non sexan tan contaminantes e solucionen as necesidades do sector. Apoio ao desenvolvemento de proxectos piloto ou de experiencias exitosas inspiradas noutros territorios que poñan en valor residuos e refugallo mariño e da actividades pesqueira para darlles unha segunda vida (cebos, fariñas...).	

PLAN DE ACCIÓN
EDLP 2023 - 2027

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación		Accións FEMPA	
		2.2.2. Promoción da circularidade económica no conxunto da zona costeira.	Divulgación da economía circular	Acción de divulgación e formación para o aproveitamento de refugallos procedentes das actividades pesqueiras e dos vertidos ao mar, para produtos de artesanía. Accións de formación, divulgación e desenvolvemento de innovación para poder coñecer as posibilidades de emprendemento na economía circular. Accións de sensibilización e posta en marcha de medidas para redución do uso de plásticos e de practicas reciclaxe e reutilización na actividade pesqueira e a súa comercialización.	
		2.2.3. Iniciativas de servizos no territorio que contribúan a economía circular, a descarbonización e a cohesión territorial.	Iniciativas de servizos de economía circular e a descarbonización	Iniciativas de transformación da sociedade costeira. Servizos de xestión de residuos e refugallos mariños dos portos e praias para o seu aproveitamento. Iniciativas integradoras de economía circular.	
3. Impulso e aproveitamento do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático.	3.1. Conservar e poñer en valor os recursos pesqueiros e do medio natural da Ría de Pontevedra.	3.1.1. Concienciación en sostibilidade dos recursos pesqueiros e da sensibilización polo patrimonio ambiental da zona costeira.	Divulgación do Patrimonio natural	Accións de sensibilización pescadores deportivos nas súas prácticas de pesca. Accións de sensibilización, divulgación e colaboración para a erradicación do furtivismo e prácticas ilegais. Accións de formación e divulgación e sensibilización para a conservación e mellora de ecosistemas fluviais, mariños e litorais no territorio dirixido a diferentes públicos (escolares, inclusión, ...).	
		3.1.2. Accións de conservación e restauración de espazos naturais de especial interese.	Conservación do Patrimonio natural	Accións de conservación e mellora de ecosistemas fluviais, mariños e litorais no territorio. Coordinación e colaboración con outras entidades do territorio para a realización de actividades conxuntas de preservación e posta en valor dos recursos e do medio mariño.	
		3.1.3. Actuacións encamiñadas á redución de residuos e á concienciación cidadá sobre a súa problemática no medio litoral.	Lixo mariño	Elaboración dunha estratexia de loita contra o lixo mariño na Ría de Pontevedra con todos os axentes sociais. Fomento de novas tecnoloxías e dixitalización para a xeolocalización de artes e redes de pesca, evitando a súa perda e contribuíndo á redución do lixo mariño. Campañas de concienciación dirixidas á cidadanía para o uso de materiais, envases, etc que sexan reciclados, e/ou reutilizables e/ou ecolóxicos, sobre todo no consumo de produto do mar. Apoio a dotación e adaptación das embarcacións e ao marisqueo para a recollida e tratamento de lixo mariño a deriva pero tamén xerado durante a actividade de profesional.	
	3.2. Concienciar e poñer en marcha actividades de mitigación de cambio climático e promover a resiliencia do territorio e a adaptación as súas consecuencias.	3.2.1. Actuacións dirixidas á mitigación do cambio climático nas actividades marítimo-pesqueiras na Ría de Pontevedra.	Mitigación do cambio climático	Apoio a proxectos piloto innovadores de mitigación fronte ao cambio climático e realización de estudos e plans de mellora da sostibilidade enerxética nas instalacións portuarias. Uso de enerxías máis limpas no sector marítimo-pesqueiro e actividades económicas ligadas ao mar: na flota pesqueira, nas infraestruturas, instalacións, equipamentos, etc. Mellora de equipos industriais máis eficientes enerxicamente e promoción de certificado enerxético verde. Iniciativas de descarbonización ou que incrementen a sostibilidade das actividades costeiras con baixas emisións. Apoio promoción conxunta a través de plataformas dixitais informativas de provedores, empresas locais, de proximidade, de materiais, subministracións, servizos e de produción relacionados con actividades marítimo-pesqueiras e produtos de Km0.	
		3.2.2. Actuacións dirixidas á concienciación do cambio climático na Ría de Pontevedra.	Concienciación en cambio climático	Actividades de concienciación e sensibilización sobre a redución de gases de efecto invernadoiro, sistemas máis limpos de mobilidade e outra medidas de mitigación do cambio climático na zona costeira. Iniciativas de promoción do emprego de produtos sostibles de proximidade.	
		3.2.3. Actuacións dirixidas á adaptación ao cambio climático do litoral.	Adaptación ao cambio climático	Apoio a proxectos piloto innovadores de adaptación fronte ao cambio climático. Apoio a investigacións, estudos e accións de divulgación do impacto (causas, consecuencias, solucións) do cambio climático nos recursos pesqueiros e na actividade pesqueira: aumento de eventos de proliferación de algas que producen biotoxinas, desprazamento de especies por cambios de temperatura da auga, aumento de intensidade de eventos extremos, escorrentas de augas por alta pluviosidade, entre outras situacións. Formación e divulgación dirixida ao sector pesqueiro para coñecer o impacto do cambio climático nos recursos pesqueiros.	
	4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo.	4.1. Conseguir que o patrimonio cultural marítimo-pesqueiro sexa recoñecido como sinal de identidade da Ría de Pontevedra.		Patrimonio cultural material	Actuacións de conservación, posta en uso e difusión do patrimonio industrial marítimo pesqueiro, así como artes de pesca e outros elementos tradicionais vencellados ao sector. Posta en valor de elementos da arquitectura tradicional mariñeira da zona. Actuacións de restauración e posta en uso e difusión das embarcacións tradicionais e as súas mariñas.
			4.1.2 Actuacións para reconstruír, valorizar e contribuír a manter e a difundir o patrimonio inmaterial con maior vinculación ao mar e ás actividades costeiras.	Patrimonio cultural inmaterial	Actuacións de inventario e recompilación do patrimonio cultural inmaterial vencellado ao sector marítimo-pesqueiro. Programa de actividades sobre a cultura marítimo-pesqueira entre o propio sector pesqueiro que axude a crear identidade e unha visión conxunta da zona pesqueira. Promoción de roteiros formativos-divulgativos abertos á poboación sobre o patrimonio cultural marítimo-pesqueiro. Fomento do coñecemento das artes de pesca, embarcacións tradicionais e traballo relacionado coa actividade marítimo-pesqueira, podendo acondicionarse espazos rehabilitados ou museos flotantes. Recuperación e divulgación do patrimonio cultural do sector pesqueiro facendo fincapé na relación e o papel que desenvolveu a muller no mundo do mar.
4.1.3 Fomento do traballo en rede entre entidades diferentes do territorio para a promoción da cultura marítimo-pesqueira.			Traballo en rede	Promoción de actividades desestacionalizadas e inclusivas a través dos concellos sobre a cultura, deporte e coñecemento do medio marítimo-costeiro, tendo en conta aos escolares do territorio. Promoción de módulos ou píulas formativas e divulgativas sobre a cultura marítimo-pesqueira do territorio no desenvolvemento de iniciativas deportivas e de lecer relacionadas co mar. Programa de actividades de divulgación desestacionalizadas e inclusivas da cultura marítimo-pesqueira e o produto pesqueiro da Ría de Pontevedra, con especial atención ao colectivo de xente nova. Apoio a creación dunha rede de espazos complementarios no territorio para a difusión da cultura mariñeira e apoio á rede REMA.	
4.1.4 Dixitalización do patrimonio para a súa conservación e difusión.			Dixitalización	Apoio a iniciativas de dixitalización e de novas tecnoloxías para posta en valor do patrimonio cultural da Ría de Pontevedra. Apoio a dixitalización dos recursos culturais, deportivos, ambientais (profesionais, actividades, eventos, xornadas, espazos para actividades, etc) relacionados co mar e a Ría de Pontevedra.	
4.2. Acadar unha zona costeira máis accesible e inclusiva.		4.2.1. Iniciativas que contribúan a unha inclusión efectiva.	Accesibilidade e inclusión na zona costeira	Accións que promovan a accesibilidade universal nas infraestruturas, instalacións e equipamentos marítimo-pesqueiros. Apoio a iniciativas que contribúan á inclusión social vinculadas a actividades relacionadas coa cultura e o patrimonio marítimo-pesqueiro.	
5. Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.	5.1. Promover sinerxias e o fomento de accións colaborativas que teñan coma obxectivo acadar o desenvolvemento sostible da zona costeira.	5.1.1. Coordinación e diálogo do sector pesqueiro con outros axentes relevantes do territorio na gobernanza do medio marítimo pesqueiro.	Gobernanza e colaboración	Establecemento de sistemas de diálogo e de colaboración do sector pesqueiro cos centros de investigación que mellore a transferencia de coñecemento e xestión dos recursos pesqueiros, que permitan unha monitorización dos ecosistemas mariños da Ría de Pontevedra e a difusión de resultados á sociedade. Promoción de sistemas de participación e coordinación entre o sector pesqueiro e o Parque N. Illas Atlánticas. Promoción do diálogo e colaboración entre diferentes colectivos de usuarios do medio litoral e marítimo na procura dunha planificación marítima integrada.	

PLAN DE ACCIÓN
EDLP 2023 - 2027

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de actuación		Accións FEMPA
		5.1.2. Promoción e desenvolvemento de actuacións de colaboración no seo do zona costeira.		Planificación de accións en colaboración con todos os axentes do territorio que permitan afianzar e recoñecer ás entidades asociativas do sector (confrarías, agrupacións) no seu papel social, económico e de representantes históricos do colectivo do mar. Accións de coordinación e participación do sector pesqueiro e seu produto nas actividades turísticas (culturais, gastronómicas, lecer ...) programadas na zona costeira. Integración das diferentes estratexias turísticas locais do territorio a partir da promoción da cultura mariñeira común. Integración de axentes do territorio na xestión e posta en marcha de actuacións no entorno da Illa de Tambo.
6. Cooperación	6.1. Promover a cooperación interterritorial e internacional, contribuíndo a un océano e o seu litoral saudábel, seguro e xestionado dun modo sostible.	6.1.1. Actuacións que promovan o desenvolvemento e a cohesión social das zonas pesqueiras a través da cooperación entre diferentes GALP e outros axentes público-privados que apliquen unha EDLP.	Pesca e acuicultura sostibles	Proxectos que impliquen a dignificación dos oficios (tradicionais e actuais) marítimo-pesqueiros. Proxectos innovadores que incidan no relevo xeracional no sector pesqueiro.
			Produtos do mar de orixe local	Proxectos que reforcen o consumo de produtos pesqueiros locais: da pesca costeira artesanal, do marisqueo e a acuicultura, que garantan a súa trazabilidade. Proxectos que impliquen a innovación e/ou transformación dos recursos e/ou produtos ou subprodutos do mar. Proxectos que reforcen a alimentación saudable: consumo de proximidade de produtos do mar ou con produtos do agro.
			Diversificación e recursos patrimoniais	Proxectos de promoción do turismo mariñeiro ou pesca turismo. Proxectos de aproveitamento dos recursos do mar e dos residuos xerados nas actividades pesqueiras para novos usos. Accións dirixidas a promover a conexión das actividades náuticas (deportivas, recreativas, turismo) co sector pesqueiro ou coa posta en valor dos recursos do mar. Proxectos de valorización do patrimonio cultural material e inmaterial sobre os recursos e a cultura marítimo-pesqueira. Proxectos de posta en valor do entorno ambiental da zona costeira, que impliquen ao sector ou os produtos pesqueiros. Proxectos que reforcen a economía circular nas actividades marítimo-pesqueiras.
			Igualdade e inclusión social	Proxectos que reforcen o empoderamento das mulleres no sector, fomenten o asociacionismo, melloren as condicións de traballo e a súa visibilidade. Proxectos que promovan unha maior vinculación das entidades de inclusión social coas actividades marítimo-pesqueiras ou o sector pesqueiro.
			Gobernanza	Proxectos que poñan en valor boas prácticas ou intercambio de experiencias na execución do Fondo.